Versión: 2026-09-11 (Rev5)
Autor: grupo de traballo de Tecnoloxía e Enxeñaría II

Instrucións para o desenvolvemento do exame:

Permitirase a utilización no exame de:

- Calculadora non programable e que non teña capacidade gráfica.
- Regra, escuadro e cartabón.

Criterios xerais de corrección do exame:

- As respostas deben axustarse ao enunciado da pregunta.
- Nas respostas valorarase a utilización adecuada da linguaxe, a claridade e orde lóxica na exposición dos conceptos, procesos, pasos a seguir e hipóteses.
- Un erro grave de concepto anula o apartado correspondente; pola contra, unha solución errada pero cun razoamento correcto valorarase.
- Os apartados que esixen a solución dun anterior cualificaranse independentemente do resultado do devandito apartado. Con todo, a segunda cuestión anularase cando a solución da primeira estea baseada nun erro grave de concepto ou na invención de resultados.
- Os erros nas unidades, ou ben o non poñelas, descontan un 25% da nota do apartado.
- Un erro no cálculo considérase leve e desconta un 10% da nota do apartado. Pero o apartado anularase se o resultado carece de lóxica e o alumnado non fai unha discusión acerca da falsidade do devandito resultado ou se o corrector/a non é capaz de ver de onde saíu devandito resultado (especialmente, no caso de que o resultado non só sexa falso, senón que tamén imposible).